



TRÁMITE DE CONSULTAS NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA ORDINARIA

Nome do plan: 1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia

Promotor: Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal da Consellería do Medio Rural

Órgano substantivo: Consellería do Medio Rural

Expediente: 2016AAE1933

Código web: 1839/2016

O día 02.08.2016 recibíuse na Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental un escrito do director xeral de Ordenación e Producción Forestal no que solicita iniciar a avaliación estratéxica ordinaria da *1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia*, acompañado do documento inicial estratéxico e do borrador do plan, segundo esixe o artigo 18 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Unha vez avaliada a documentación presentada e considerando que:

- 1 A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece o ámbito de aplicación da avaliación ambiental estratéxica e o réxime xurídico que regula o procedemento administrativo.
- 2 O artigo 19.1 da Lei 21/2013 sinala que, con carácter previo á elaboración do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, o órgano ambiental someterá o borrador do plan e o documento inicial estratéxico ás consultas das administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo de 45 días hábiles.
- 3 Esta Secretaría Xeral decidiu estender as consultas ao público en xeral co obxecto de favorecer a transparencia da tramitación e a participación cidadá, ao abeiro do artigo 83.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O apartado 4 do mesmo artigo 83 faculta ás administracións para establecer outras formas, medios e canles de participación dos cidadáns no procedemento no que se ditan os actos administrativos.
- 4 A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental é o órgano ambiental competente para tramitar os procedementos administrativos en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, segundo o Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da actual Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

ACÓRDASE:

Someter a consulta pública na sede electrónica deste órgano ambiental durante un **prazo de 45 días hábiles** o documento inicial estratéxico e o borrador da *1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia*, con carácter previo á elaboración do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico.

As observacións e suxestións poderán ser formuladas por calquera das seguintes vías:

- A través do formulario informático habilitado na sede electrónica deste órgano ambiental (<http://www.cmaot.xunta.gal/programas-con-periodo-de-consulta-aberto>).
- A través do correo electrónico: avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.gal
- Mediante fax remitido ao número 981 541 048.
- Mediante escrito presentado no rexistro administrativo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, situado en San Lázaro s/n, en Santiago de Compostela.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E
ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
<https://aae.medioambiente.xunta.es>
avaliacion.ambiental.estrategica@xunta.es



En calquera dos medios empregados deberá identificarse quen formula as observacións e suxestións (nome da unidade administrativa, ou nome do colectivo, ou nome e apelidos da persoa), facilitando tamén os datos de contacto.

O documento de alcance do estudo ambiental estratéxico que se elabore tras o período de consultas farase público na sede electrónica (http://cmaot.xunta.gal/tema/c/CMAOT_Avaliacion_ambiental) da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Santiago de Compostela, 05 de agosto de 2016